



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP PLURILINGÜE ISIDORA RIESTRA

Camiño da Reiboia nº 10, 36995 POIO.
Tlf:886151450/52/53, FAX: 886151454
Correo electrónico: ceip.isidora.riestra@edu.xunta.es



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 30 de setembro), realizarase proximamente neste Centro a **renovación do CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo**, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo día: **venres, 28 de outubro de 2022 ás 11:30**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Poio, 26 de outubro de 2022

O DIRECTOR DO CENTRO

Asdo.: Ramón Pazos Solla.